

## **SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACION DA LINGUA GALEGA DO ANO 2017**

*A Deputación de Pontevedra concederá, axudas económicas dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro da provincia para as actividades que fomenten o uso e o prestixio do galego no conxunto da sociedade, que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017, a través das seguintes accións:*

### **a) Fomento da creación e da difusión cultural en lingua galega:**

- Certames literarios e xornalísticos
- Creación audiovisual e literaria
- Feiras e eventos que promociónen a creación en lingua galega

### **b) Sociolingüística e toponimia:**

- Estudos e publicacións sobre sociolingüística
- Xornadas e publicacións de recuperación da toponimia

### **c) Fomento do emprego do galego no comercio e na industria:**

- Xornadas, campañas e publicacións para a dinamización comercial en lingua galega

### **d) Recoñecementos e distincións:**

- Actividades, accións e publicacións relacionadas coa conmemoración do Día das Letras Galegas ou que recoñezan o labor de persoas ou colectivos que aposten polo galego

**Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:**

- **As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación**
- **Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realizan ao longo de todo o ano**
- **As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares**
- **Os gastos gastronómicos, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento**
- **As actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas e/ou animais.**

O prazo de solicitude finaliza o 25 de abril de 2017.

**CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**

Teléfono 986 75 20 34  
www.campolameiro.com